



ACORDO DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO – COIDADOS PALIATIVOS, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 19 DE OUTUBRO DE 2023 (DOG Nº 205, DO 27 DE OUTUBRO DE 2023), POLO QUE SE CONVOCA O ASPIRANTE AO ACTO PÚBLICO PARA A DEFENSA DO PROXECTO TÉCNICO.

A base sexta da resolución do 19 de outubro de 2023 (DOG nº 205, do 27 de outubro de 2023) da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión do posto de Xefe/a de Servizo de Hospitalización a Domicilio–Coidados Paliativos dispón que, unha vez nomeada a Comisión de Avaliación, procederase a convocar os aspirantes para a celebración do acto público de defensa do proxecto técnico de xestión da unidade e do currículo profesional.

Polo que antecede, a Comisión

ACORDA

Convocar o aspirante á praza de Xefe/a de Servizo de Hospitalización a Domicilio–Coidados Paliativos, para o acto público de exposición do proxecto técnico de xestión da unidade e do currículo profesional, que terá lugar o día **18 de xaneiro de 2024, ás 12:00 horas, no Salón de actos, sito no 4º andar do Hospital Universitario A Coruña**. O tempo máximo de exposición do que disporá o aspirante para a defensa do proxecto será de 40 minutos.

O aspirante deberá vir provisto do DNI ou documento oficial que acredite a súa identidade.

A Coruña, 11 de xaneiro de 2024

O Presidente da Comisión de Avaliación

Asdo.: Pedro Jorge Marcos Rodríguez

DILIXENCIA: Para facer constar que con esta mesma data procédese a publicación da presente Resolución.

A Coruña, 11 de xaneiro de 2024

O DIRECTOR DE RR.HH.

Asdo.: Javier Fernández Nistal